

TEXTO DESCRITIVO DE "O PORCO DE PÉ" de VICENTE RISCO

As fillas eran grandeiras, moles, seborrentas, leitosas, esbrancuxadas, enxaugadas, deslucidas, distinguidas, descoloridas, coma se chovese moito por elas, ou estivesen moito tempo na auga e lles marchase a pintura, imitantes a dúas bonecas feitas de queixo fresco, inspiradas na mocidade menos mal de don Celidonio, con parecencia de manteiga sen sal, non ruín de todo, e doada para recibir a cheda eficaz para os namorouzos, da graxenta fortuna achegada pola tenda.

Aqueles encantiños xa sabían dicir: e logo, faiche a ti boa faltiña e estate por aí que xa te chamarei, e no colexio aprenderon a dicir: Comán vú porté vú tré bien e vú tré bien mersí, a tocar o piano e a cantar "Dous amores", "Unha noite na eira do trigo" e a "Java"... Aínda mostraban a súa exquisita distinción falando da Caraba, pódose "nun plan jamón" e "haciendo el indio". As nenas, polo tanto, estaban en disposición de alternar. Había base para o ascenso."

Vicente Risco, «O porco de pé» (1928)

CARACTERÍSTICAS DA DESCRICIÓN EN RISCO (solución)

As fillas eran grandeiras, moles, **seborrentas**, leitosas, esbrancuxadas, **enxaugadas**, deslucidas, distinguidas, **descoloridas**, coma se chovese moito por elas, ou **estivesen moito tempo na auga e lles marchase a pintura**, imitantes a **dúas bonecas feitas de queixo fresco**, inspiradas na mocidade menos mal de don Celidonio, con parecencia de manteiga sen sal, non ruín de todo, e doada para recibir a cheda eficaz para os namorouzos, da **graxenta fortuna** achegada pola tenda.

Aqueles **encantiños** xa sabían dicir: e logo, faiche a ti boa faltiña e estate por aí que xa te chamarei, e no colexio aprenderon a dicir: Comán vú porté vú tré bien e vú tré bien mersí, a tocar o piano e a cantar "Dous amores", "Unha noite na eira do trigo" e a "Java"... Aínda mostraban a súa **exquisita distinción** falando da Caraba, pódose "nun plan jamón" e "haciendo el indio". As nenas, polo tanto, estaban en disposición de alternar. Había base para o ascenso."

Vicente Risco, «O porco de pé» (1928)

- **grandeiras, moles, seborrentas, leitosas, esbrancuxadas, enxaugadas, deslucidas, distinguidas, descoloridas:** Enumeración hiperbólica; asíndeto.
- **coma se chovese moito por elas, ou estivesen moito tempo na auga e lles marchase a pintura:** Comparacións aldraxantes, cousificación.
- **imitantes a dúas bonecas feitas de queixo fresco:** Imaxe con intención burlesca.
- **da graxenta fortuna** achegada pola tenda: Parodia do novo burgués, tendeiro.
- **Aqueles encantiños:** Humor irónico e corrosivo.
- **Comán vú porté vú tré bien e vú tré bien mersí:** Parodia, ridiculización da aprendizaxe de francés no colexio de monxas.
- **exquisita distinción:** Ironía, ridiculización
- **falando da Caraba, pódose "nun plan jamón" e "haciendo el indio":** Burla da xerga xuvenil de orixe madrileña